



7

A atmosfera e a hidrosfera

RACHEL CARSON

A voz da conciencia ambiental

Houbo unha época en que a humanidade se sentía illada da natureza. Diferente. Especial. Co noso rápido desenvolvemento tecnolóxico parecía que lle declaramos a guerra ao noso ámbito natural. Non eramos conscientes de que as vítimas tamén seríamos os seres humanos. Na miña opinión, todo está conectado. Nada existe de forma illada no planeta. Nin sequera a nosa especie. O meu nome é Rachel Carson e son unha das persoas que lle axudaron á humanidade a abrir os ollos a esta realidade.

Nacín en Estados Unidos en 1907, nunha zona rural de Pennsylvania chamada Springdale. Pasei a miña infancia lendo e escribindo historias sobre animais e sobre o océano. Por iso, creo que a ninguén lle sorprendeu que máis tarde estudase Bioloxía na Universidade para Mulleres de Pennsylvania e en 1935 entrase a traballar na Administración de Pesca e Vida Salvaxe. Foi entón cando empecei a publicar folletos e libros sobre bioloxía mariña, a miña especialidade. A verdade, tiveron bastante éxito.

Non obstante, non foron aqueles libros os que deixarían unha pegada imborrable na opinión dos meus lectores, senón un que viu a luz anos máis tarde, en 1962. Titulábase *Primavera silenciosa*. Nel escribín acerca dos pesticidas que estabamos usando para protexer os nosos cultivos, especialmente unha substancia chamada DDT. Advertín dos seus efectos contaminantes e expliquei que é tóxico para moitos animais, especialmente para as aves. Intentaba transmitir como deteriorar o medio ambiente tamén ten efectos negativos sobre a nosa saúde. E iso non parece moi intelixente, verdade?

Primavera silenciosa considérase un dos libros de divulgación científica más influentes da historia. Coa súa publicación axudei a conseguir que no meu país se prohibisen substancias como o DDT. A miña voz foi unha das que impulsaron o nacemento do movemento ecoloxista. Con algo de sorte, seguirá contribuíndo a que cada vez máis persoas se decaten de que os seres humanos somos simplemente un fío máis no intricado tecido da natureza.



7

A atmosfera e a hidrosfera

RACHEL CARSON

A voz da conciencia ambiental

Houbo unha época en que a humanidade se sentía illada da natureza. Diferente. Especial. Co noso rápido desenvolvemento tecnolóxico parecía que lle declararamos a guerra ao noso ámbito natural. Non éramos conscientes de que as vítimas tamén seríamos os seres humanos. Na miña opinión, todo está conectado. Nada existe de forma illada no planeta. Nin sequera a nosa especie. O meu nome é Rachel Carson e son unha das persoas que lle axudaron á humanidade a abrir os ollos a esta realidade.

1º

Nacín en Estados Unidos en 1907, nunha zona rural de Pennsylvania chamada Springdale. Pasei a miña infancia lendo e escribindo historias sobre animais e sobre o océano. Por iso, creo que a ninguén lle sorprendeu que más tarde estudase Bioloxía na Universidade para Mulleres de Pennsylvania e en 1935 entrase a traballar na Administración de Pesca e Vida Salvaxe. Foi entón cando empecei a publicar folletos e libros sobre bioloxía mariña, a miña especialidade. A verdade, tiveron bastante éxito.

2º

3º

4º

Publicación

Non obstante, non foron aqueles libros os que deixarían unha pegada imborrable na opinión dos meus lectores, senón un que viu a luz anos máis tarde, en 1962. Titulábase *Primavera silenciosa*. Nel escribín acerca dos pesticidas que estabamos usando para protexer os nosos cultivos, especialmente unha substancia chamada DDT. Advertín dos seus efectos contaminantes e expliquei que é tóxico para moitos animais, especialmente para as aves. Intentaba transmitir como deteriorar o medio ambiente tamén ten efectos negativos sobre a nosa saúde. E iso non parece moi intelixente, verdade?

Primavera silenciosa considérase un dos libros de divulgación científica más influentes da historia. Coa súa publicación axudei a conseguir que no meu país se prohibisen substancias como o DDT. A miña voz foi unha das que impulsaron o nacemento do movemento ecoloxista. Con algo de sorte, seguirá contribuíndo a que cada vez máis persoas se decaten de que os seres humanos somos simplemente un fío máis no intrincado tecido da natureza.